

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS EN PROL DAS PERSOAS AFECTADAS DE ENFERMIDADES REUMÁTICAS E MUSCULOESQUELÉTICAS

Santiago de Compostela,

Reunidos

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, dona Ana Vázquez Lojo, titular do DNI 32 791 068 Z, na súa calidade de presidenta da Liga Reumatolóxica Galega, co CIF G-15552987 e domicilio na Coruña, Travesía de Orillamar 7, 15002 A Coruña, en nome e representación desta, inscrita no Rexistro Autonómico de Asociacións da Xunta de Galicia, co número 2004/007566-1 e en virtude das competencias que lle confiren os Estatutos da Asociación.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente para outorgar este convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, de conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o idóneo desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que a Liga Reumatolóxica Galega é unha entidade privada, non gobernamental, sen fins lucrativos, considerada de utilidade pública, que traballa na atención a persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas e as súas familias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- Que de conformidade coa súa norma estatutaria, son fins da referida Asociación, entre outros, *“garantir a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas e das súas familias e/ou referentes”*, poñendo en marcha mecanismos que

favorezan a agrupación das persoas afectadas destas doenzas en Galicia, sensibilizando á opinión pública, ás administracións e autoridades sanitarias acerca da problemática persoal, social, emocional, asistencial e familiar que levan consigo estas enfermidades.

Cuarto.- O Servizo Galego de Saúde e a Liga Reumatolóxica Galega están interesados en desenvolver liñas de traballo conxunto que redunden positivamente na atención a persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas, así como nos seus familiares e achegados.

Que á vista do exposto, ambas partes asinantes coinciden na conveniencia de afianzar esta alianza nunha colaboración de longo alcance, acordando unir esforzos coa finalidade de alcanzar o obxectivo sinalado, polo que formalizan este convenio marco de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio marco ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Liga Reumatolóxica Galega para o desenvolvemento de accións conxuntas en prol das persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas, así como do seu contorno familiar e convivencial.

Segunda.- Alcance

É propósito deste convenio realizar actividades e proxectos de colaboración en asuntos que resulten de interese para as institucións asinantes, vencellados á:

- a) Posta en marcha de campañas de formación comunitaria dirixidas ao diagnóstico precoz.
- b) Programación de actividades psicoeducativas para coidadores non formais (contorno familiar e convivencial).
- c) Participación en obradoiros e conferencias de natureza divulgativa.
- d) Difusión de información de interese común a través dos soportes de comunicación dos que dispoñen as partes asinantes.
- e) Cesión puntual de espazos para o desenvolvemento de actividades relacionadas cos fins deste convenio.
- f) Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos de interese común.
- g) Realización de actuacións análogas ás recollidas nos apartados anteriores, sempre e cando teñan cabida no obxecto e fins das dúas partes asinantes do convenio.



Terceira.- Desenvolvemento

Para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do obxecto deste convenio, en función das dispoñibilidades orzamentarias, asinaranse convenios específicos de colaboración, unha vez obtidas as aprobacións internas pertinentes que cada parte poida precisar para cada proxecto, nos que se recollerán como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Obxecto e aspectos técnicos dos proxectos.
- b) Aspectos xurídicos, temporais e de vixencia dos mesmos.
- c) Réxime das obrigas económicas, no seu caso, de cada convenio.

Cuarta.- Obrigas das partes

A Liga Reumatolóxica Galega e o Servizo Galego de Saúde comprométense a colaborar activamente no desenvolvemento das accións de colaboración enunciadas na cláusula precedente, dando publicidade ás mesmas e implicándose nas reunións de coordinación que se convoquen por ambas partes.

Quinta.- Financiamento

Este convenio de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico entre as partes asinantes e, sen prexuízo de que nos convenios que se subscriban entre as partes, en desenvolvemento deste convenio, estas poidan asumir compromisos de natureza económica, para o que deberán acreditar a dispoñibilidade dos fondos axeitados e suficientes”.

Sexta.- Divulgación

Os actos relativos á información e comunicación das diversas actuacións realizadas ao amparo deste convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse e autorizaranse polo Servizo Galego de Saúde e pola Liga Reumatolóxica Galega de forma conxunta, comprometéndose a efectuar aquelas accións de promoción e divulgación acordadas, coa finalidade de dar a coñecer esta colaboración.

En todo caso, o uso e emprego da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, deberá respectar o disposto no Decreto 409/2009, de 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos de identidade corporativa da Xunta de Galicia e na Orde de 17 de abril de 2007, pola que se establecen o símbolo, o logotipo e o manual de identidade corporativa do Servizo Galego de Saúde.

Sétima. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados de cada unha das partes que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e que resolva as controversias que poidan xurdir na súa execución.



Esta comisión, que presidirá un dos representantes da administración, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

Como órgano colexiado, a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 e na Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio, ademais das previstas legalmente, as que se establecen a continuación:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b. O mutuo acordo de ambas partes.
- c. A imposibilidade sobrevida, legal ou material, de cumprir os deberes derivados do obxecto do convenio.

A resolución do convenio por calquera das causas anteriormente sinaladas non afectará ao cumprimento das actuacións iniciadas.

Novena. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do convenio non suporá a existencia de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Liga Reumatolóxica Galega e o Servizo Galego de Saúde.

En ningún caso serán responsabilidade da Administración, posibles danos ou perdas a consecuencia do desenvolvemento dos proxectos realizados ao abeiro deste convenio.

Decima.- Confidencialidade e protección de datos

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ambas partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto a calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude deste convenio e asumen o deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de forma expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estes deberes subsistirán despois de finalizar as relacións entre ambas partes.

Cada unha das partes formará e informará adecuadamente ao persoal que deba ter acceso a dita información, obrigándoo ao cumprimento do segredo profesional, incluso despois de finalizado este convenio, así como a preservación da información durante os períodos fixados na normativa vixente.



As partes deberán asegurarse de que a destrución dos soportes documentais e informáticos son realizados de forma controlada, respecto a toda aquela información considerada como non imprescindible, garantindo que os datos de carácter persoal destruídos non poidan ser posteriormente accedidos.

As partes comprométense, ademais, a non efectuar usos nin cesións de datos persoais recollidos na aplicación deste convenio.

Undécima.- Réxime xurídico

Este convenio ten carácter administrativo e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo dispón o seu artigo 6.2.

Non obstante, consonte co disposto no artigo 4 da devandita lei, a este convenio seranlle de aplicación os principios da norma indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento deste convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven deste convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Duodécima.- Vixencia

Este convenio terá unha vixencia dun ano contado dende o día seguinte da súa sinatura.

Con todo, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga ,que deberá subscribirse con anterioridade á data de vencemento *do convenio*.

Calquera dos termos deste convenio que, pola súa natureza, se estendan máis aló da terminación deste, permanecerá en vigor ata o seu cumprimento.

Por razóns de interese público, poderase suspender, en calquera momento a execución deste convenio.

Décimo terceira.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, e o resto das especificacións contidas neste, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dixitalmente o presente convenio de colaboración,

O presidente do Servizo Galego de Saúde	A presidenta da Liga Reumatolóxica Galega
Julio Garcia Comesaña	Ana Vazquez Lojo

